



CONCELLO DE PONTEVEDRA
DIRECCIÓN XERAL DE DISCIPLINA E POLICIA ADMINISTRATIVA

COLABORA:



ASUNTO: RECOLLIDA SELECTIVA PORTA A PORTA DO CARTÓN COMERCIAL.

Dende o pasado 16 de Xullo de 2009, ampliouse o recorrido da campaña de recollida selectiva porta a porta de cartón comercial na zona centro da cidade, con resultado moi favorable na imaxe das illas de colectores debido á redución da cantidade depositada neles polos comerciantes, que xeran gran cantidade de cartón que supera a capacidade disposta para os depósitos residenciais.

O que se require ós comerciantes afectados polo recorrido é que se deposite o cartón no fronte do local comercial en atados de cartón pregado de dimensións aproximadas 0,6 m. x 0,6 m. x 0,5 m. ás 20:00 horas, que é cando o vehículo do servizo de limpeza comeza o percorrido no que se atopa a rúa á que pertence a actividade que vostedes representan.

O Concello de Pontevedra quere recordar a importancia da puntualidade no depósito do atado de cartón fronte ó local comercial coa finalidade de evitar acumulacións de lixo nas beirarrúas, así como o celo na preparación dos propios atados para que a manobra de carga dos mesmos no vehículo de recollida se poida realizar no menor tempo posible, favorecendo así á circulación do tráfico.

Agradecendo a súa colaboración nesta experiencia que creemos supón unha mellora significativa para a imaxe da cidade en beneficio de todos, incluído o propio comercio, quedamos abertos ás súas suxestións que poderán ser presentadas por escrito no Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra.

Pontevedra, 3 de decembro de 2008

O TÉCNICO EN MEDIO AMBIENTE DA O.T.I

Asdo. : ~~ÁNGELA BAQUEIRO BARREIRO~~

ÁMBITO DE APLICACIÓN

- RECOLLIDA DO PAPEL

RUTA ACTUAL	AMPLIACIÓN
LOUREIRO CRESPO	CRUZ ROJA
BENITO CORBAL	PADRE GAITE
COBIÁN ROFFIGNAC	PERFECTO FEIJOO
PADRE AMOEDO	SAN ANTONIÑO
SARMIENTO	CASIMIRO GÓMEZ
CESAR BOENTE	PADRE F. AMOEDO
PLAZA MÉNDEZ NÚÑEZ	SANTA CLARA
PLAZA CURROS ENRIQUEZ	ALAMEDA
SOPORTALES	ECHEGARAY
MICHELENA	PASEO DE COLÓN
FERNÁNDEZ VILLAVERDE	EDUARDO PONDAL
MANUEL QUIROGA	FDEZ. LADREDA
FILIBERTO	ESTACIÓN
RIESTRA	ALCALDE HEVIA
GONZÁLEZ BESADA	IGLESIAS VILARELLE
PLAZA DE GALICIA	GENERAL RUBÍN
ANDRÉS MURUAIS	GAGOS DE MENDOZA
GARCÍA CAMBA	ROSALÍA DE CASTRO
OLIVA	SEBASTIÁN GONZÁLEZ
PEREGRINA	ANDRÉS MELLADO
DANIEL DE LA SOTA	AVDA. DE VIGO
CASTELAO	
CRUZ GALLÁSTEGUI	
BLANCO PORTO	
SAGASTA	
FRAY JUAN DE NAVARRETE	
JOAQUÍN COSTA	
12 DE NOVIEMBRE	
JOSÉ CASAL	
VIRGEN DEL CAMINO	